



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC) PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE DIXITALIZACIÓN E INNOVACIÓN DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Universidades ten previsto formalizar coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e a USC para a adopción de medidas de dixitalización e innovación do Sistema universitario de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no interese de potenciar medidas de transformación dixital e innovación na Universidade de Santiago de Compostela, integrante do Sistema universitario de Galicia, xa que a universidade é un pilar do desenvolvemento da innovación nas economías avanzadas e, como tal, debe asumir a necesidade de adaptación permanente e aos cambios producidos nun contorno cada día máis globalizado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

Secretaría Xeral de Universidades

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital.

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro